

Entrevista avós

Luana Torres Guerreiro entrevista á súa avoa Gloria.

Esta entrevista sobre os xoguetes antigos foi feita a Gloria Fernández abril de 2024 nunha residencia porque ten alzheimer.

O día de hoxe, en abril de 2024, imos facer unha entrevista a miña avoa Gloria Fernández Fernandez, actualmente con 88 anos e exdependenta dunha tenda de xoguetes da rúa real (A Coruña). Na actualidade Gloria está viúva. Gloria de pequena vivía nos castros, que na súa época estaba cheo de campos e parecía do ámbito rural. Vivía coas súas catro irmás, coa súa nai ama de casa e co seu pai policía.

Despois cando creceu e formou a súa familia viviu no Temple, Cambre, nunha zona urbana nun 3º piso. Gloria tiña un carácter dinámico e un pouquiño posesivo máis agora que ten alzheimer o seu carácter volveuse mais cariñoso e amoroso. Miña nai foi filla única polo que os seus únicos netos fomos o meu irmán e eu.



Gloria coa súa familia na residencia.

Entrevistadora: Pregunta 1, con cantos anos comezaches a xogar?

Entrevistada: A xogar con qué? he he he (ríe con inocencia)

Entrevistadora: A xogar cos teus xogetes cando eras pequena!

Entrevistada: Pois cando tiña... cinco anos eu tería.
Somos catro irmás o meu pai policía... (suspiro longo)

Entrevistadora: Pregunta 2, con quen xogabas?

Entrevistada: Coas outras, coas catro irmás (responde de maneira lúcida).

Entrevistadora: Em

Entrevistada: (Inhala e exhala lentamente...)

Entrevistadora: Pregunta 3, a qué xogabas?

Entrevistada: A todo, (pausa curta) a brilé, na primavera Modesta (a súa nai, a miña bisavoa) pedíanos de ir coller mazás as árbores, tamén xogaba coas pedras, eu sempre as collía todas hahaha (volve a rir con inocencia) eran bos xogos....
E vivíamos nos castros. Ti vives nos castros?

Entrevistadora: Ah eu, quero dicir nós non. Vivimos en Castelo de Abaixo no monte xalo (responde con firmeza).

Entrevistada: Ah, onde é iso?(queda calada sorríndome).

Entrevistadora: En Castelo de Abaixo no monte xalo! (responde con firmeza).

Entrevistada: (queda calada, mais pensativa).

Entrevistadora: Pregunta 5, de que material eran os teu xogetes?

Entrevistada: Como?(non entende pola sordez e pregunta: como?)

Entrevistadora: De que material eran os teu xogetes, de coiro, de papel de tela...

Entrevistada: Ahh, de paus de madeira trapos roupa vella creábamnos con telas así como coellos, por aquí enriba. Tamén había xogos bos como o do cartel que era de cartón das caixas do noso querido Daniel (Daniel o seu pai o meu bisavó). E o xerséi da túa amiga, María (confundese de nomes polo alzheimer).

Entrevistadora: Gloria, Son a túa neta Luana, non son María!!
María é a túa filla.

Entrevistada: Hihihih (rí mirandome de maneira pensando que estaba mentindo)

Entrevistadora: Última pregunta, en que momento do día xogabas? Pola mañá, pola tarde, pola noite...

Entrevistada: Cando xogaba? Pola mañá, pola tarde a mediodía despois de comer, a noite.... Sempe!

Entrevistadora: Pois moitísimas grazas por deixarme facerte esta entrevista!

Entrevistada:(Sorri)

E con este sorriso dou por finalizada esta entrevista a miña avoa Gloria.